

Augas / Alcantarillado
EXPEDIENTE.- 2020/G003/000825
PROCEDIMIENTO.- Tramitación de Decretos

RESOLUCIÓN

Asunto: AMPLIACIÓN PLAZO DEL PAGO VOLUNTARIO - 3T/19 AUGAS

Na Casa do Concello de Arteixo (A Coruña), o Alcalde-Presidente, Carlos Calvelo Martínez, ante min, Secretaria Xeral, dicta a presente

RESOLUCIÓN:

Visto o Real Decreto 463/2020, de 14 de marzo, polo que se declara o estado de alarma para a xestión da situación de crise sanitaria ocasionada polo COVID-19.

Ao amparo da normativa vixente, e co obxecto de prevenir e conter o virus e mitigar o impacto sanitario, social e económico, resulta necesario continuar adoptando medidas temporales de carácter extraordinario, complementarias ás adoptadas por esta Alcaldía o día 13/3/2020, con nº de Decreto 645/2020.

En concreto, considerando que por Resolución da Concellería delegada nº 3185/2020 de data 19/12/2019, aprobouse o Padrón das Taxas de auga, sumidoiros, canon da Xunta e depuración de augas residuais correspondente ao 3º trimestre de 2019, e se autorizou a posta ao cobro de dito Padrón; Visto que o periodo voluntario de cobranza abarca ata o vindeiro 23 de marzo, esto é, durante o estado de alarma declarado;

De conformidade coas atribucións que me confiren os artigos 21 e 23 da lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do Réxime Local e os artigos 43, 44 e 46 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico da Entidades Locais, polos artigos 61 e seguintes da Lei 5/1997, de 22 de xullo, de Administración Local de Galicia e polos artigos 11 e seguintes do Regulamento orgánico municipal así como demais concordantes e de xeral aplicación e co fin de conquistar unha maior celeridade e eficacia na xestión municipal, pola presente

Esta Alcaldía RESOLVE:

PRIMEIRO. Dispor a ampliación do prazo, ata o 20 de abril, do pago en período voluntario do Padrón das Taxas de auga, sumidoiros, canon da Xunta e depuración de augas residuais correspondente ao 3º trimestre de 2019.

SEGUNDO. Publicar un Anuncio no BOP, no Taboleiro de Anuncios do Concello e na web municipal, que surta efectos de notificación colectiva para os contribuíntes suxeitos ao concepto tributario indicado (taxa de auga do terceiro trimestre do 2019), de conformidade ao artigo 102.3 da Lei 58/2003, XeralTributaria.

TERCEIRO. Dar traslado desta Resolución ao departamento municipal de Augas, Informática e Tesourería.

En Arteixo, asinado dixitalmente polo Sr. Alcalde-Presidente, D. Carlos Calvelo Martínez, do que eu, D^a Ana Ramos Ramos, como Secretaria Xeral, dou fe. (Asinado aos efectos exclusivamente do artigo 3.2 do RD 128/2018 de 16 de marzo e o artigo 2.1 do Decreto 24/2018 do 15 de febreiro).